



RÍO SOR

(Adela Leiro, Mon Daporta)




NACEMENTO E FONTES	Fórmase pola confluencia dos regos de Xantas (Pico Montouto) e Tras da Serra (Alto de San Xoán-Bustelo).
LONXITUDE	49 km
DESEMBOCADURA	Ría do Barqueiro (Mar Cantábrico)
CONCA	Superficie: 201,6 km ²
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	CONCELLOS: As Pontes, Muras, Ourense, Mañón e O Vicedo SUR: moste de Bustelo e Montouto OESTE: Faladoira, Coriscada e Solleiros LESTE: Pena da Loba, Montalén, A Paleira, Pena das Seixas...
AFLUENTES DEREITA	San Pantaleón, Cabanas, Pardiñeira.
AFLUENTES ESQUERDA	Soloso, Casateite, O Rosario, Castros, Seixo.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Sor recolle as augas da Gañidoira e das serras da Faladoira e Coriscada. Corre encaixado ata preto da desembocadura onde forma un amplo esteiro na ría do Barqueiro. Os seus afluentes, curtos e con grandes desniveis, escavan vales fondos nas serras polas que baixan.
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas de outono a primavera.
CAUDAL	6 m ³ /s
FLORA	No curso do río consérvanse bosques de ribeira con amieiras, salgueiros, freixos, fentos, brións... Os cumes dos montes están cubertos de mato e pasteiros con algunha áreas de repoboación de eucaliptos. Nalguns vales consérvanse carballeiras.
FAUNA	A fauna é a típica dos ríos (anfíbios, cabalos do demo, troitas, lontras...) e dos bosques de ribeira (aves insectívoras, lesmas, saramaganta...). Hai anos había bastantes salmóns, aínda que na actualidade esrán case desaparecidos.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga, enerxía hidráulica (muíños), acuicultura, pesca, lecer... Ao longo do río hai varias rutas de senderismo sinalizadas e numerosas áreas recreativas: Ribeira do Bispo, Cascón, Ulló, Muíños da Furada, Ponte Segade, Augas Caídas
ESPAZOS PROTEXIDOS	O LIC Río Sor (pendiente de aprobación) inclúe o curso do río Sor e as súas cabeceiras coas serras que o rodean: Faladoira, Tras da Serra, Fragagorda...
DATOS HISTÓRICOS	No Sor houbo unha central eléctrica, actualmente abandonada. No seu entorno consérvanse restos de interese histórico e etnográfico: Ponte do Porto (de orixe moi antiga, posiblemente construída sobre base romana), pontes de ferro da ría do Barqueiro (amáis antiga é de comezos do século XX), muíños, ouriceiras...
CURIOSIDADES	En case todo o seu percorrido fai de linde entre as provincias de Lugo e A Coruña. Nas proximidades do monte da Ínsua hai instalada un sistema de cables para cruzar o río nunha cadeira que foi construído para servizo dos pescadores.
PROBLEMAS	En xeral é un río de augas limpas e cun entorno natural ben conservado. No tramo final do val dominan os eucaliptos e as súas augas acusan a contaminación da central térmica das Pontes, o que afectou sobre todo á presenza do salmón.

RÍO SOR

NACEMENTO:
Montouto

NACEMENTO:
Bustelo



DESEMBOCADURA: Ría do Barqueiro (Mar Cantábrico)